


OS LIBROS QUE HAI EN... **NÓS**



Este curso 2021/22 o EDLG da EOI de Vilagarcía organizou dous clubs de lectura en galego ao abeiro da Convocatoria de Clubs de Lectura para centros públicos de ensinanza primaria e secundaria de Galicia.

Trala segunda lectura proposta, *Os libros que hai en min* de Emma Pedreira, e como remate deste club publicamos aquí unha escolma de libros que deixaron algún tipo de pegada nas vidas dos participantes.

A la caza de Lavinia de Roger Collinson



A la caza de Lavinia é o primeiro libro que recordo ler (ano 1987). Ten a data escrita dentro. Teño lle especial cariño pois lembro que o meu pai gardou a listaxe de catro libros que eu lle dei, da cal só me tiña que mercar un par facer un traballo do colexio e cando a marea lle saía ben e se podía permitir gastar unhas pesetas extras mercábame un libro novo.



Primeiro foron os catro daquela listaxe e despois uns cantos máis da mesma editorial (1987, 1988, 1989).

El despertar de Kate Chopin

–Cuando me iba hoy, por ejemplo, me ha rodeado con los brazos y me ha tocado los omóplatos, según ella para ver si mis alas eran fuertes. «El ave que se eleve sobre la llanura de la tradición y los prejuicios debe tener alas fuertes. Es un triste espectáculo ver a las más débiles revolotear de vuelta a tierra magulladas y exhaustas.»

–¿Y adónde te elevarías volando?

–No tengo pensado ningún vuelo extraordinario. No acabo de comprenderla.

–Según tengo entendido, está medio loca –comentó Arobin.


–A mí me parece que está perfectamente cuerda –replicó Edna.

Este texto pertenece ao libro de *El Despertar* de Kate Chopin, unha novela feminista que trata do proceso de liberación de Edna Pontellier. Este fragmento inclúese trala conversación de Edna cunha artista que representa todo o que ela quere ser e que sería de non ser polo machismo da época. Neste texto aparece a frase que máis me marcou que é a que lle di a artista a Edna. Para min, representa a necesidade de ser quen queremos ser e tamén o prezo que hai que pagar por isto.


Este prezo son os prexuízos da sociedade, prexuízos que non han de preocupar a ‘paxaros’ con ‘ás fortes’. Por outra banda, este texto representa para min a liberdade, a liberdade de poder tomar o rumbo que nós queremos para nós sen reparar no que os demais pensen. Para iso, tal e como di o texto, hai que ser fortes e loitar cada día contra os prexuízos do resto tal e como o fai Edna cando rebate o que o seu interlocutor, neste caso o seu namorado, está a opinar sobre a artista. Este texto axudoume a endurecer as miñas ás e é por iso que ten un espazo gardado dentro de min.

Nada de Carmen Laforet

Un dos libros que hai en min é *Nada* de Carmen Laforet. Un libro que lembro ben porque chegou a min nun momento amargo da miña vida. E a grande virtude que ten para min esta obra é a propia Andrea, que cos seus medos e arelas chega directamente á alma da lectora ou lector.




"The first sign is taking strange pictures" de Ian S. Thomas



‘The First Sign is Taking Strange Pictures’ pertence ao libro *I wrote this for you* de Ian S. Thomas. Trátase dun libro cheo de poemas e textos breves acompañados dunha fotografía. Este texto en concreto paréceme unha obra de arte polo ben que condensa o que significa a escritura para min. O texto fai referencia ao xeito no que os sentimentos que hai en cada un de nós quedan dentro por medo ao que pensen os demais deles. Pola contra, a escritura e outras manifestacións artísticas dannos a oportunidade de poder liberar o que hai dentro de nós e poder compartilo cos demais xa que, como di o autor, ‘art doesn’t worry anyone’. A arte vese aquí como porta de escape para o autor xa que lle permite expresarse libremente e porta de entrada para o lector xa que grazas a escritura pode

entrar naqueles recunchos máis íntimos do escritor. Para min, é un placer que exista un xeito sinxelo de expresar o complicado e aínda o é máis que teñamos unha vía para converter os sentimentos en arte.

Geografía humana y otros poemas de Gloria Fuertes



EQUILIBRISTA

Subir por la cuerda floja
y el cable tenso alcanzar
—lo difícil no es llegar,
lo difícil mantenerse—
crucificado en el aire
huyendo de la pendiente
sin mirar a las cabezas
que esperan el accidente.


Este libriño chegou a min recomendado por
unha amiga.

Agradoume a sinxeleza e asertividade con
que Gloria Fuertes describe algunhas
situacións coma a deste poema.

Correndo máis ou menos riscos,
todos facemos equilibrios nas nosas vidas.


Diario de Ana Frank

Diario de Ana Frank marcou un antes e un depois na miña adolescencia. Descubrir que está baseado nunha historia real fíxome reflexionar sobre o afortunada que eu era e sobre as inxustizas sociais deste mundo.



Ébora de Xosé Carlos Caneiro

La casa encendida de Luis Rosales



Ébora é o primeiro libro que lín de contado en galego sen ter un dicionario ao meu carón.


O libro de poesía *La casa encendida* de Luis Rosales merqueino cos meus cartiños de estudante, mentres os meus irmáns maiores daquela cantaban outro tipo de poemas (o que se deu en chamar canción-protesta).

Non fai falta a voz de Armando Quintero e Marco Somé



Non fai falta a voz é un conto que non pode faltar en ningunha biblioteca infantil. Unha fermosísima historia de amor e de respecto ás diferenzas que, sen dúbida, chega ao corazón.

La vuelta al mundo en 80 días de Julio Verne




Cando era nena pasaba moitas fins de semana na casa dun tío de miña nai que andara polo mundo adiante. As conversas de despois de xantar (e antes da sesta) eran sempre as historias das súas viaxes e as costumes doutros países. Encantábame escoitalas!


Como non son de sestar, lía na terraza, tumbada na hamaca. Cando non levaba un meu, baixaba ao sótano e rebuscaba entre os libros vellos, amarelos e cheos de pó que tiña nunha estantería medio destartala. De aí collín *A volta ao mundo en 80 días* con tantas aventuras e experiencias en lugares novos... Tanto mundo por coñecer...

Dalgures me tiña que vir a min esta ansia por viaxar!

Pasión india de Javier Moro




A vida da protagonista de *Pasión india* de Javier Moro despertou o meu interese pola India ... que acabou sendo, tamén, unha paixón.



El caballero de la armadura oxidada de Robert Fisher

Estando no instituto, tróuxome miña irmá este libro emprestado da biblioteca do seu centro. Daquela andaba eu algo perdida (imaxino que tanto como a maioría), tentando separar o que querían os demais que fora e do que quería ser eu. Disque nada pasa por casualidade; este libro lembroume o importante que é facer o que un quere, tanto se lle gusta aos demais coma se non, e sobre todo, o feliz que nos sentimos cando o facemos.

La mano invisible de Isaac Rosa




tercera pregunta. De la lista siguiente de cosas que se tienen en cuenta a la hora de valorar un empleo, indíqueme por favor cuál es la más importante para usted, y puede elegir un máximo de dos respuestas: Que sea seguro y estable. Que proporcione ingresos altos. Que tenga buenas oportunidades de promoción. Que la tarea desarrollada sea interesante. Que sirva para ayudar a los demás. Que le permita decidir los horarios y días que trabaja. Que se ajuste a la formación recibida. Que le permita tener tiempo libre.

La mano invisible de Isaac Rosa apareceu novamente na miña vida tras anos "extraviado" e esquecido. Era un deses poucos libros emprestados que non regresaba a min sen ser reclamado! Ao longo de case 400 páxinas Isaac Rosa describe traballos e denuncia situacións laborais que en ocasións pasan imperceptibles. Este extracto sacado dunha operadora que fai enquisas telefónicas fíxome cuestionar qué valoro eu no meu emprego e a esa lista de opcións engadiría, entre outras: "Que o ambiente laboral sexa agradable."

Alice's adventures in Wonderland de Lewis Carroll

O primeiro recordo que teño de *Alicia no País das Maravillas* son uns debuxos animados cando era pequena na televisión e o moito que me asustaba a Raíña de Corazóns coa súa frase 'Off with her head!'. Aínda teño esa imaxe gravada na memoria. Despois chegou o libro que de vez en cando releo xa que permite outras lecturas segundo imos crescendo e madurando.

Nas viaxes que fago ao estranxeiro é un clásico botar unha ollada a este libro nas librarías e incluso mercar diferentes adaptacións e edicións. Por suposto, non me quixen perder a tenda de Alicia na miña visita a Oxford.





Os participantes deste club de lectura recibiron como agasallo un 'diario de lectura' para sempre lembrar...

OS LIBROS QUE PASEN POIÁS SÚAS VIDAS.

ESPERAMOS VERVOS NOS



CLUB DE LECTURA *en galego*

DO PRÓXIMO CURSO